



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA  
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157  
correo@irixoa.es

## CERTIFICACIÓN DE ACORDO MUNICIPAL

ALEJANDRO ALONSO FIGUEROA, secretario-interventor-tesoureiro do Concello de Irixoa,

**CERTIFICO** que a Xunta de Goberno Local deste concello, na sesión realizada o 26 de marzo de 2021, adoptou o acordo que deseguido transcribo:

“15.4. BASES SELECCIÓN DO PERSOAL DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL-PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021). Por parte da Deputación Provincial da Coruña aprobouse una subvención para a contratación dunha serie de traballadores desempregados con problemática ou risco de exclusión laboral.

Dado que as persoas a contratar teñen que ser desempregados inscritos, hai que realizar a petición de currículos ao Servizo Público de Emprego de Galicia. A continuación expónse a proposta de bases para a selección deste persoal, co obxecto de fomentar a súa integración social e laboral.

Tras o debate sométese a votación ordinaria o asunto, resultando aprobado, por unanimidade de 4 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1º. Apróbanse as bases de contratación laboral temporal e urxente de 6 traballadores de obras polo sistema de concurso de méritos, tal e como se transcriben no Anexo, respectando os principios constitucionais de concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación, así como o fomento da integración social.

2º. Proceder á publicación do anuncio de convocatoria urxente no taboleiro da consistorial.

## ANEXO

### BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SEIS PEÓNS DE OBRAS PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL-PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021)

1. **OBJECTO:** O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de 6 peóns de obras que levarán a cabo pequenas obras, mantementos e servizos medioambientais, en virtude de subvención outorgada ao efecto pola Deputación Provincial da Coruña dentro do PIL- PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021; especialmente incidirase nas limpeza viaria, dos accesos aos núcleos de poboación e dos espazos públicos. A selección farase por concurso de méritos entre os desempregados comunicados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, con respecto dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

2. **CONDICIÓN DOS CONTRATOS.** A duración dos contratos será de seis (6) meses, estando previsto comezar a prestación laboral previsiblemente o 1-5-2021 e rematar o 31-10-2021.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Irixoa <https://sede.irixoa.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigos 26-27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA  
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157  
correo@irixoa.es

A xornada de traballo será a tempo parcial (30 horas semanais).

As retribucións totais (incluíndo prorrates de pagas extras e outros conceptos), feitos os cálculos oportunos, serán de 920 € ao mes.

3. **CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.** Para poder participar no presente concurso de méritos, os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- Estar inscrito como desempleado no Servizo Galego de Colocación
- Ser español ou cidadán comunitario.
- Ter unha idade comprendida entre os dezaseis anos e a idade máxima de xubilación forzosa.
- Ter a categoría profesional de peón ou superior.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade e incapacidade establecidas na lexislación vixente.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos traballos establecidos.
- Encontrarse nunha das situacións de risco ou efectividade de exclusión laboral previstas nas bases do PIL-PEL REACTIVA 2021 (BOPes do 9 e 23-12-2020, base 2).

4. **CANDIDATOS.** Remítase unha oferta para a categoría de peón ao Servizo Público de Emprego de Galicia. Tras a recepción do listado comunicado de persoas demandantes de emprego procederase ao aviso as mesmas para que poidan presentar a correspondente instancia, dentro dun prazo de 3 días naturais; non obstante, calquera desempleado/a inscrito residente no municipio poderá presentar instancia, aínda que non sexa incluído na relación do Servizo Público de Emprego de Galicia, no prazo de 5 días hábiles dende a publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios; tendo en conta a documentación presentada o tribunal cualificador realizará a valoración de méritos dos aspirantes, tendo en conta o correspondente informe social.

5. **MÉRITOS.** Tendo en conta a listaxe de persoas desempregadas solicitantes e os currículos rexistrados no Servizo Galego Público de Emprego de Galicia e que sexan remitidos ao concello, farase unha valoración dos mesmos, nos que se terán en conta as seguintes valoracións:

- A- ser muller: 2 puntos
- B- ser maior de 45 anos: 2 puntos
- C- ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 %: 2 puntos
- D- ser vítima da violencia de xénero: 2 puntos
- E- ser parado de longa duración (mínimo 2 anos): 1 punto.
- F- situacións desfavorecidas (no caso de estar incluído en máis de 1 destas situacións tomarase soamente a de maior puntuación):
  - 1- drogodependencia: 1 punto
  - 2- fogar sen ningún emprego: 1 punto
  - 3- persoas sen fogar: 1 punto
  - 4- fogar monoparental: 1 punto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Irixoa  
<https://sede.irixoa.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigos 26-27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA  
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157  
correo@irixoa.es

5- problemas para encontrar emprego (idioma ou cuestións socioculturais): 1 punto.

6- fogar sen ningún ingreso periódico (e outras situacións desfavorables a valorar polo tribunal): 2 puntos.

No caso de ser necesario, o tribunal poderá realizar unha entrevista persoal aos candidatos coa maior puntuación, na que se profundará nas situacións alegadas e valoradas. O tribunal, que terá amplas potestades para valorar situacións de difícil xustificación documental, evitar valoracións duplicadas, etc., realizará unha proposta definitiva que inclúa aos propostos como titulares e 3 suplentes.

6. TRIBUNAL CALIFICADOR. O Tribunal Cualificador para facer a valoración será o seguinte:

Presidenta: Isabel Bouzón López

Vogal: Úrsula de la Barrera Fernández

Secretario (con voz e voto): Alejandro Alonso Figueroa.

Todos os membros son funcionarios ou persoal laboral que teñen categoría profesional igual ou superior á requirida aos aspirantes.

Noméanse suplentes destes membros: Ramiro Cal López (presidente); María Pilar Cabezal Villamar (vogal); José Fernando Espada Orgeira (secretario).

O tribunal, unha vez realizada a valoración polos servizos sociais municipais das circunstancias dos solicitantes, levantará acta de valoración provisional, que se exporá ao público no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web.

7. NOMEAMENTO. Os candidatos preseleccionados disporán de dous días naturais, dende a proposta de nomeamento, para completar a documentación que acredite o cumprimento das condicións da base terceira. No mesmo prazo poderán realizarse alegacións dos interesados por escrito. Unha vez aportada tal documentación realizarase a selección ou nomeamento oficial dos contratados laborais, mediante resolución da Alcaldía.

8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. O contrato formalizarase no prazo máximo de dous días naturais, dende a data de publicación do decreto de selección ou nomeamento. O contrato queda sometido a un período de proba de 15 días naturais.

9. IMPUGNACIÓN. Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen de estas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

“

-----

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Irixoa  
<https://sede.irixoa.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigos 26-27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA  
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157  
correo@irixoa.es

E para que conste, asino este certificado de urxencia, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde. Irixoa, abril 2021.

Vº e praxe

O secretario

O alcalde

Antonio Deibe Sanmartín